

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
DATA: 29/04/2020
SAIDA: 4416/20



Reclamante [REDACTED] en representación de [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 20/2020**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vistas as reclamacións presentadas por [REDACTED] en representación de [REDACTED], mediante escrito do 31 de xaneiro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 28 de abril de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en representación de [REDACTED] presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 31 de xaneiro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno contra a desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria, de consulta e copia da documentación pública relacionada coas denuncias presentadas ante a súa Xefatura Territorial de Lugo con data do 6 de setembro de 2018 por ADEGA e Mariña Patrimonio por posible actividade extractiva nas proximidades da explotación mineira Trinidad nº 257 e catro denuncias presentadas con data do 12 de febreiro de 2019, ante a mesma Xefatura Territorial, por diversas actividades mineiras fóra do perímetro autorizado para a citada explotación mineira.

O reclamante indicaba que presentou o xustificante de abono de taxas solicitado, sen que recibise resposta á súa solicitude de acceso á información pública.

Os escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, do DNI do representante e da acreditación da súa representación.

Segundo. Con data 6 de febreiro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante Consellería de Economía, Emprego e Industria para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 12 de febreiro de 2020.

Terceiro. Con data 12 de marzo de 2020 a Consellería de Economía, Emprego e Industria contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

No informe da Dirección Xeral de Enerxía e Minas faise constar que a solicitude foi recibida na Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria, órgano posuidor da información, con data do 8 de xaneiro de 2020, e con data do 11 de febreiro, requiriuse á entidade solicitante para que achegase xustificante de abono de taxas xustificante que remitiu con data do 13 de febreiro de 2020.

Posteriormente, con data do 18 de febreiro, déuselle traslado da solicitude ao titular do dereito mineiro, que recibiu a notificación con data do 25/2/2020, por se a información solicitada puidese afectar aos seus dereitos ou intereses, circunstancia da que se lle deu traslado ao solicitante, con expresa indicación da interrupción do prazo para ditar resolución. O prazo para que o titular do dereito mineiro poida efectuar alegacións remata o día 17/03/2020, polo que o expediente atópase en tramitación.

No informe remitido pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas, ademais, faise constar que a solicitude presentada o 23/10/2019 (enténdese que hai un erro na data, posto que tal e como figura na copia da solicitude, a data é o 23/12/2019) pola Asociación pedía acceso á documentación relativa ás denuncias por eles presentadas en relación coa actividade na canteira Trinidad nº 2257, no Concello de Mondoñedo, que deron lugar ao inicio dun período de actuacións previas nas que se ditou un acordo de peche da investigación o 21 de outubro de 2019, porque os feitos denunciados xa foran obxecto de expediente sancionador, e de cuxa adopción a asociación tivo coñecemento verbal o 22 de outubro de 2019.

A Asociación Social e Cultural Mariña Patrimonio, presentara previamente outra solicitude de acceso á información na que pedía expresamente copia do Acordo de peche de actuacións previas do 21 de outubro de 2019, da que se ditou resolución favorable de acceso con data do 7 de febreiro de 2020, entendendo que o acceso a este documento xa proporciona a información concreta da tramitación seguida en relación coas denuncias presentadas e do resultado final da mesma, co que se está a proporcionar en gran medida a información solicitada con data do 23 de decembro de 2019.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as

persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerese no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente en prazo polo que procede admitir a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O dereito de acceso á información é un dereito fundamental recoñecido a nivel internacional como tal, é un dereito esencial para promover a transparencia das institucións públicas e para fomentar a participación cidadá na toma de decisións. Ademais as Administracións Públicas fináncianse con fondos procedentes dos contribuíntes e a súa misión principal consiste en servir aos cidadáns polo que toda a información que xeran e posúen pertence á cidadanía.

O dereito dos cidadáns de solicitar aos suxeitos incluídos dentro do ámbito de aplicación da Lei básica e da Lei autonómica en materia de Transparencia calquera tipo de información, implica o dereito a recibir unha resposta documentada, completa e satisfactoria dado que a resposta deste tipo supón unha ferramenta indispensable para poder exercer o control da actuación pública. E esta resposta, debe darse dentro do prazo dun mes expresamente previsto no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, podendo prorrogarse no caso de que se dean as circunstancias establecidas no artigo 20 da Lei 19/2013.

No presente caso, a solicitude ten entrada, segundo o informe da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, no órgano que posúe a información, Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria, o 8 de xaneiro de 2020. Transcorrido máis dun mes dende a entrada da solicitude, é dicir, o 11 de febreiro, requírese á entidade solicitante para que xustifique o pago de taxas, e cinco días despois de acreditar o dito pago, é dicir o 18 de febreiro, trasládase a solicitude a un terceiro cuxos dereitos poden estar afectados de concederse o acceso.

Considérase que a tramitación do expediente non é correcta, e prexudica os dereitos da asociación solicitante na obtención dunha información pública á que, en principio, parece ter dereito, por canto a primeira actuación da Xefatura Territorial, transcorrido xa o prazo para resolver, foi a esixencia de xustificación do pago dunha taxa, antes de abrir o correspondente período de audiencia a un terceiro cuxos dereitos poden resultar afectados, e que pode ter como resultado a constatación da existencia dun límite para o acceso á información solicitada, e como consecuencia, se dite resolución denegatoria do acceso, polo que carecería de sentido a esixencia de pago dunha taxa, e procedería a súa devolución.

O artigo 22.4 da Lei 19/2013, establece que o acceso á información será gratuíto, podendo dar lugar á esixencia de exaccións nos termos previstos na Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, ou, no seu caso, conforme á normativa autonómica ou local que resulte aplicable, nos casos nos que se solicite a expedición de copias ou a transposición da información a un formato diferente ao orixinal. No mesmo senso se pronuncia a Disposición adicional cuarta da Lei 1/2016.

Resulta claro por tanto, que o principio que debe rexer no acceso á información pública por parte da cidadanía é o de gratuidade, sendo unicamente esixible o cobro de taxas ou prezos por realización de copias ou transposición da información, que deben esixirse se procede, unicamente cando exista resolución favorable ao acceso (total ou parcial) e non antes, e en todo caso, unha vez finalizado o trámite de audiencia.

Por outra banda, faise constar no informe da Dirección Xeral de Enerxía e Minas que a asociación reclamante tiña presentado previamente outra solicitude de acceso á información na que pedía expresamente copia do Acordo de peche de actuacións previas do 21 de outubro de 2019, da que se ditou resolución favorable de acceso con data do 7 de febreiro de 2020, que considera que xa proporciona a información concreta da tramitación seguida en relación coas denuncias presentadas e do resultado final da mesma, co que se está a proporcionar en gran medida a información solicitada con data do 23 de decembro de 2019. Isto non xustifica que a tramitación do expediente non se iniciase ata transcorrido un mes da solicitude e unha vez presentada reclamación ante a Comisión da Transparencia pola asociación solicitante, nin que se lle solicitase acreditación de pagamento de taxas antes de resolver sobre a procedencia ou non de conceder o acceso á información solicitada.

De acordo co anterior, procede a estimación da reclamación presentada por [REDACTED] en representación da [REDACTED] debendo a Consellería resolver expresamente sobre a solicitude de acceso á información.

Lémbrese á Xefatura Territorial que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaición de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED] con data do 31 de xaneiro de 2020, contra a desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria, de consulta e copia da documentación pública relacionada coas denuncias presentadas ante a súa Xefatura Territorial de Lugo con data do 6 de setembro de 2018 por ADEGA e Mariña Patrimonio por posible actividade extractiva nas proximidades da explotación mineira Trinidad nº 257 e catro denuncias presentadas con data do 12 de febreiro de 2019, ante a mesma Xefatura Territorial, por diversas actividades mineiras fóra do perímetro autorizado para a citada explotación mineira.

Segundo: Instar a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, se responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 20 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles dende que resolva expresamente a solicitude, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses¹, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Firmado digitalmente por
76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R: S6500009C)

Fecha: 2020.04.29 12:33:51
+02'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.

¹ Debese ter en conta que de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, os prazos procesuais están interrompidos e suspendidos para todas as ordes xurisdicionais, ata que non que perda vixencia o citado Real Decreto, renovándose o cómputo de prazos nese momento.